

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, E A CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA S.A., PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS ESPECIAIS DE G24, TVGALICIA, “DÍGOCHO EU” DEDICADOS Á CIBERSEGURIDADE E OUTRAS ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA CULTURA DE CIBERSEGURIDADE ENTRE A SOCIEDADE GALEGA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha, a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**, con NIF Q1500382E, e no seu nome e representación D. Damián Rey Rodríguez, na súa calidade de director, segundo se establece no Decreto 117/2025, do 29 de decembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de conformidade co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra banda, a **Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (Corporación CSAG)** con C.I.F. A-15073349 e D. María Concepción Pombo Romero, con DNI 44810170Y, na súa calidade de directora xeral con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, actuando no seu nome e representación, nomeada para o devandito cargo por Acordo de 11 de xullo de 2025 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 38 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, e polo artigo 25 dos estatutos sociais.

EXPOÑEN

Primeiro. Que a **Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.**, emite dous formatos audiovisuais denominados G24, TVGalicia e “Dígocho Eu” que ten como principal obxectivo o fomento do uso da lingua galega. Estes formatos teñen unha especial presenza no entorno dixital, nomeadamente nas redes Tik Tok, Instagram, Youtube e Facebook. Na actualidade, “Dígocho Eu” ten máis de 460 mil seguidores entre Tik Tok, Instagram e Youtube, e no ano 2025, G24 e TVGalicia lograron 1238 millóns de visualizacións dos videos emitidos nas redes sociais Facebook, Instagram, Tik Tok, X e Youtube. Adicionalmente, tamén emite o formato de audio “Lambóns Dixitais”.

Segundo. Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Na súa



estrutura incorpora a Área de Infraestruturas e Seguridade, cuxa subárea de Seguridade ten entre as súas competencias a planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma. A Amtega asinou a finais de 2023 o convenio de colaboración “ENTRE ENTIDADES DE LAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DE CATALUÑA, GALICIA, COMUNIDAD VALENCIANA Y LA S.M.E. INSTITUTO NACIONAL DE CIBERSEGURIDAD DE ESPAÑA M.P., S.A. (INCIBE) EN EL ÁMBITO DEL PROGRAMA RETECH (Redes Territoriales de Especialización Tecnológica), Y EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA- FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU”, que ten entre os seus obxectivos fomentar a concienciación e capacitación en materia de ciberseguridade. O presente convenio contextualízase no marco deste programa RETECH.

Terceiro. Que é precisa unha comunicación responsable cunha información e difusión veraz de materias relacionadas coa ciberseguridade e a protección dos datos persoais, para intentar conseguir unha mellora e racionalización do consumo dixital e estender unha cultura da ciberseguridade á sociedade galega.

Cuarto. Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia considera á Corporación CSAG, por razón do seu alto grao de audiencia en Galicia e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados coa ciberseguridade, e que por este medio considérase de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta ao devandito eido, así como a difusión destas temáticas no eido das redes sociais (X, Youtube, TikTok, Instagram, Facebook, etc.).

Quinto. Que Corporación CSAG, ten o interese e deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten a ciberseguridade, así como un uso axeitado da tecnoloxía.

Sexto. Que dentro deste mutuo interese, pola Corporación CSAG e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e ao obxecto de procurar de modo conxunto o desenvolvemento das accións precisas neste interese común, formalízase este convenio de colaboración co obxecto da realización dunha serie de espazos audiovisuais destinados a ser emitidos por canles televisivas, radiofónicas e dixitais dentro dos formatos: G24, TVGalicia, “DígochoEu” e “Lambóns Dixitais” e podéndose ampliar o ámbito de emisión a todos os formatos, nos que se pode incluír, diaria ou semanalmente, información que a Corporación CSAG ten interese en difundir. Contéplase tamén a posibilidade de que algúns deses espazos sexa realizado en directo colaborando nalgún evento de promoción da ciberseguridade organizado pola a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. O presente Convenio tamén recolle a elaboración e difusión de vídeos de curta duración sobre vocábulos ou consellos para facer un bo uso do espazo dixital, que serán emitidos na canle televisiva da CSAG así como nas súas redes sociais, ademais de entrevistas a persoas expertas, ou quen se considere por ambas partes chegado o momento, en programas concretos da programación da canle televisiva da CSAG. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia colaborará na produción dos contidos proporcionando asesoramento para a elaboración dos guiños de información por parte da Corporación CSAG, sempre que sexa requirido.



Sétimo: Que a acción a realizar non garda relación co funcionamento do mercado interior no sentido ao que se refire a Comunicación interpretativa da Comisión (2006/C179/02), xa que polo exposto queda perfectamente xustificado que o obxecto do convenio non encerra, potencialmente, interese para os operadores económicos doutros estados membros, pola súa escasa incidencia económica.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para a realización dunha serie de contidos audiovisuais sobre a ciberseguridade e a protección de datos persoais nas canles de televisión, radio e dixitais, contemplando tamén a posibilidade de que algúns deses espazos sexa realizado en directo colaborando nalgún evento de promoción da ciberseguridade organizado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

É interese das partes asinantes, fomentar o uso seguro das tecnoloxías e o coñecemento en ciberseguridade e protección de datos persoais, etc., que tamén operará como un importante compoñente de comunicación cara a cidadanía, especialmente entre os máis novos.

A liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos corresponderá a CSAG.

SEGUNDA. OBXECTIVOS DOS PROGRAMAS QUE SON OBXECTO DO CONVENIO.

A Corporación CSAG elaborará, co asesoramento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, os guións establecidos na cláusula quinta (5ª) do presente convenio, e producirá, por si ou por terceiros por ela designados, unha serie de contidos audiovisuais orientados á consecución dos seguintes obxectivos:

- a.- Información e difusión de materias relacionadas coa temática da ciberseguridade e a protección de datos persoais.
- b.- Extensión dunha cultura de ciberseguridade á sociedade galega, en particular aos máis novos, promovendo un uso seguro das tecnoloxías da información e das comunicacións.

En xeral, transmitir calquera tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación coa a ciberseguridade e a protección de datos persoais.

TERCEIRA. A CORPORACIÓN CSAG COMPROMÉTESE:

1.- A elaboración de contidos audiovisuais, por si ou por terceiros por ela designados, de interese xeral sobre a ciberseguridade e protección de datos persoais, procurando que sexan programas que fomenten a difusión



e coñecemento entre o público máis novo. A CSAG incluírá en programas concretos da súa canle televisiva que contén cun perfil de audiencia máis adulto, cunha recorrencia mensual, a persoas expertas no campo da ciberseguridade da información, ou quen se considere por ambas partes chegado o momento, co fin de seren entrevistadas e así facer chegar a cultura da ciberseguridade a tódolos colectivos da sociedade galega.

2.- A emisión dos seguintes contidos, coa duración que se estime conveniente para chegar a un público máis novo, sen prexuízo da aprobación en Comisión de Seguimento de novos formatos que poidan considerarse máis propicios para chegar ao público obxectivo, en cada momento, contemplando tamén a posibilidade de que algúns deses espazos sexa realizado en directo colaborando nalgún evento de promoción da ciberseguridade organizado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia:

❖ 51 pezas audiovisuais anuais para emitir na grella de programación da TVG, da Radio Galega ou nas diferentes canles dixitais da CSAG. Estas pezas emitiranse atendendo aos criterios profesionais que garantan o maior impacto de audiencia posible en relación ao target perseguido. As pezas de temática de ciberseguridade e protección de datos persoais, fomentarán a interactividade e participación da audiencia, e encadraranse baixo os seguintes formatos:

❖ 30 pezas no formato G24 e TVGalicia.

❖ 21 pezas no formato “Dígocho Eu”.

❖ 12 entrevistas anuais a persoas expertas en ciberseguridade, ou quen se acorde por ambas partes chegado o momento, en programas concretos da canle televisiva da CSAG que conte cun perfil de audiencia máis adulta e senior.

❖ 12 microespazos no formato especializado en tecnoloxía da Radio Galega, “Lambóns Dixitais”.

❖ 100.000 impresións de publicidade dixital na plataforma Agalega, Agalega Audio e Xabarin.gal en formato display ou prerroll ao longo do ano 2025, conforme a un calendario pactado entre as partes.

❖ 30.000 impresións de publicidade en formato L na televisión híbrida (HbbTV).

3.- A cesión ou o aproveitamento do material gráfico elaborado para uso da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno, enviándolle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado, e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto. As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar "Imaxes cedidas por Corporación CSAG".

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia solicitará á Corporación CSAG as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto.



A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá solicitar copias dos programas emitidos en soporte DVD, Pen Drive, ou noutro tipo de dispositivos de almacenamento.

4.- Corporación CSAG facilitará periodicamente á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia información sobre a audiencia acadada en cada canle utilizada para a difusión.

CUARTA. A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA COMPROMÉTESE:

1.- A achega, como máximo, das cantidades que figuran na cláusula sétima do presente convenio para levar a cabo o obxecto do mesmo.

2.-A orientar e facilitar toda canta información sexa precisa para a boa realización dos programas obxecto do convenio.

QUINTA. GUÍONS E PRODUCCIÓN DA SERIE DE PROGRAMAS

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia facilitará á Corporación CSAG asesoramento para a elaboración dos guíons que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión. Asemade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia autorizará a traducir ou subtitular os guíons resultantes a calquera lingua. Estes dereitos serán cedidos para todo o mundo e polo tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e utilización dos mesmos.

Os medios técnicos e humanos precisos para a gravación e produción desta serie de espazos, serán por conta de Corporación CSAG ou por terceiros por ela designados.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase a comisión de seguimento do mesmo, que estará composta: polo director da área de Infraestruturas de Seguridade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e mailo xefe da subárea de seguridade ou persoas que os substitúan, e pola directora de Organización e Xestión do Cambio e mais o Coordinador de Organización e Operacións, ou persoas que os substitúan, en representación de Corporación CSAG. Esta comisión reunirse cando así o solicite unha das partes e será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Serán funcións da Comisión de Seguimento:

- Aprobación, no seu caso, dos programas e planificacións presentadas pola Corporación CSAG.
- Seguimento da realización da actividade.



- Proposta, no seu caso, das actividades adicionais que resulten precisas para o correcto desenvolvemento do obxecto do convenio

SÉTIMA. CONDICIÓN ECONÓMICAS

O orzamento total dos programas establecidos neste convenio ascende a cento corenta e catro mil cincocentos setenta e dous euros (144.572,00euros).

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega máxima de noventa e nove mil cento sesenta e seis euros con sesenta e sete céntimos (99.166,67euros) con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.571A.640.0 dos orzamentos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o ano 2026.

A cantidade sinalada destinarase a cofinanciar os gastos de produción dos distintos programas e nos orixinados pola infraestrutura creada para a consecución da devandita información diaria, e como compensación dos gastos nos que incorre a Corporación CSAG para a realización do obxecto do convenio.

A Corporación CSAG, empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio e non obterá ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

A Corporación CSAG asumirá con cargo aos seus orzamentos propios a diferenza entre a achega económica da Xunta de Galicia e o orzamento total do convenio

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado. A colaboración financeira da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento da campaña obxecto do convenio. Porén existe unha compensación acorde á actividade esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo.

A devandita cantidade será abonada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia previa a xustificación suficiente da realización das accións obxecto do convenio, mediante a presentación, e antes do 20 de decembro de 2026, da seguinte documentación:

- Factura desagregada expedida pola Corporación CSAG, onde figure un detalle dos gastos incorridos e pagamentos realizados (transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento, sen que resulten admisibles os pagamentos en efectivo) e certificacións do responsable de emisións da TVG, Radio Galega e Canles dixitais de datas e horas de emisión de cadanseu programa. Estas facturas deberán ser conformadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.



- Evidencia do pagamento dos traballos realizados pola TVG: (transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento, sen que resulten admisibles os pagamentos en efectivo).
- Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido pola CSAG da asignación das persoas ao proxecto.
- Seguridade Social do período que se alega: Documentos/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
- Dúas (2) copias dos programas en formato DVD, Pen Drive ou outro formato, ou ligazón na web onde estean aloxados os programas.
- Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia realice estas consultas polos seus propios medios.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

A Corporación CSAG facilitará toda a información que lle requira a Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, así como a Intervención Xeral da comunidade autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

OITAVA. VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

NOVENA. EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

O presente Convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, e en particular cando concorra calquera das seguintes causas:



- Transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- Incumprimento dos compromisos asumidos polas partes.
- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Calquera outras causas de resolución previstas no convenio ou en outras leis.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, previa proposta da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta, a través da formalización da correspondente Addenda na que figurarán as novas actuacións a realizar e os recursos destinados a finais.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA. CONTROVERSIAS

O presente convenio de colaboración terá natureza administrativa e corresponderalle á Comisión de Seguimento, prevista na cláusula sexta, resolver as dúbidas que ocasione a súa interpretación e aplicación, así como solucionar as controversias que se susciten.

DUODÉCIMA. RÉXIME DE PERSOAL

A sinatura deste convenio non leva consigo relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de tal xeito que non se poderá esixir a estas ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a Corporación CSAG nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo.

DÉCIMO TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

1.- Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no Convenio.

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste Convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RDPD) e ao artigo 11 da Lei Orgánica de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en



diante, LOPDGDD). A lexitimación para o tratamento dos seus datos será a execución do presente Convenio.

No caso de que, no ámbito deste Convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados coa única finalidade de executar as prestacións derivadas do presente Convenio, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2.- Deber de confidencialidade das partes intervinientes no Convenio.

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos persoais e informacións que lle foran confiados para a formalización do Convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste Convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do Convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervinientes accedan en virtude do presente Convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financiera. As partes exclúen da categoría de información confidencial, toda aquela información que sexa divulgada pola parte titular da mesma, aquela que pola súa característica sexa pública e aquela que deba ser revelada de acordo coas leis ou cunha resolución xudicial ou acto imperativo de autoridade competente.

Este deber manterase ata tres anos despois de finalizar este Convenio. Ningunha das partes adquirirá ningún dereito sobre calquera información confidencial ou outros dereitos de propiedade da outra parte como resultado desde Convenio.

DÉCIMO CUARTA. CARÁCTER DO CONVENIO



Este Convenio ten a natureza establecida no texto vixente da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. No artigo 6 da citada Lei indícase que quedan excluídos do seu ámbito os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.

DÉCIMO QUINTA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO SEXTA.- PUBLICIDADE

As partes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e do resto das especificacións contidas nel, nos rexistros públicos que proceda, de acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación íntegra e publicidade na páxina web de cada unha das partes asinantes pertencentes ao sector público, con expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes asinantes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

As partes asinantes consenten expresamente á utilización dos seus logos e marcas para e na difusión, así como nas actuacións que se deriven do presente Convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

Cada un dos asinantes do presente convenio continuará sendo propietario dos seus dereitos de propiedade intelectual e industrial con relación a aquela información, incluíndo sen limitación algunha manuais, documentación (técnica ou non), software, know how, que pertenza a ese asinante con



carácter previo á firma deste convenio e/ou desenvolva ou adquira de terceiros paralelamente ao presente convenio para fins distintos ao obxecto do mesmo.

Calquera dereito de propiedade industrial ou intelectual relativo á información, incluíndo documentación (técnica ou non), software, know how, desenvolvida por un dos asinantes do presente convenio, será propiedade de dito asinante.

Se dita información foi desenvolvida de xeito conxunto pola contribución de varios dos asinantes, a propiedade será compartida entre ditas partes en función da súa porcentaxe de participación no desenvolvemento de dita tarefa.

Calquera dos asinantes do presente acordo porá en coñecemento do resto, á maior brevidade, sobre calquera dereito de propiedade intelectual e/ou industrial de terceiras partes que estea dalgún xeito incluído na información da súa propiedade posta a disposición de outro/s dos asinantes en virtude do presente convenio.

Cada un dos asinantes procurarase entre eles información libre de dereitos de terceiros, ou ben coas debidas licenzas de uso ou autorizacións, responsabilizándose, deste xeito, de calquera reclamación de terceiras partes.

DÉCIMO OITAVA.- NULIDADE

Se calquera estipulación deste Convenio fose declarada nula ou sen efecto, en todo ou en parte, por calquera tribunal ou autoridade competente, as restantes estipulacións conservarán a súa validez, salvo que as partes, discrecionalmente, decidan a terminación do Convenio.

As partes obríganse a negociar unha nova cláusula substitutoria da anulada que, dentro dos termos axustados a Dereito, e con estrito respecto á resolución ou sentenza que declarase a nulidade, garde a maior identidade de propósito coa cláusula anulada, en canto tal finalidade non tivera sido declarada contraria ao ordenamento xurídico.

DÉCIMO NOVENA.- COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral na Lei 39/2015, cada un dos asinantes deste convenio identificará dentro dos dez (10) días seguintes á súa firma, unha canle electrónica e/ou presencial na que se realicen todas as comunicacións e notificacións con motivo da execución do presente convenio.

VIXÉSIMA.- CESIÓN

Ningunha das Partes poderá ceder nin transmitir total ou parcialmente a terceiros os dereitos e obrigacións dimanantes do presente convenio, sen a previa autorización escrita do resto dos asinantes do mesmo.



VIXÉSIMO PRIMEIRA.- XURISDICIÓN

Os asinantes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente Convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltos na comisión mixta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados.

**Pola AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA**

O Director

Damián Rey Rodríguez

**Pola CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE
GALICIA, S.A.**

A Directora Xeral

María Concepción Pombo Romero

